

RESOLUCIÓN REITORAL DE 3 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE Á UNIVERSIDADE DE VIGO PERTENCENTE ÁS ÁREAS DE COÑECEMENTO SELECCIONADAS NO CONSELLO DE GOBERNO DE 21 DE DECEMBRO DE 2022.

No Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019, aprobouse o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva do 15%, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscrición de campus ao xerado pola praza a crear.

No Consello de Goberno de 21 de decembro de 2022, acordouse a convocatoria e a creación de 2 prazas de profesorado docente e investigador reservadas a persoal investigador contratado polo programa "Ramón y Cajal", cuxo contrato finalice no ano 2023, teña a certificación I3 e dispoña da acreditación correspondente de profesorado Titular de Universidade na áreas de coñecemento relacionadas no anexo I. .

Por todo isto, ESTA REITORÍA RESOLVE,

- 1) Publicar a convocatoria de mobilidade entre campus (segundo o acordo de CG 20/12/19) e abrir un prazo de presentación de solicitudes **desde o 3 de xaneiro de 2023 ata o 17 de xaneiro de 2023 (incluído)**, para o persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo pertencente aos departamentos e áreas de coñecemento que se relacionan no anexo I.

A solicitude presentarase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, e co asunto "*Convocatoria mobilidade-OEP*", sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberán acompañarse do formulario establecido no anexo II.

Deberase indicar, por orde de prelación, o código da praza que xera a mobilidade. De non se establecer na solicitude o código da praza, será causa de exclusión para participar nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Asinado dixitalmente en Vigo,
O REITOR,
Por delegación RR 22/06/2022
O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións
Alfonso Lago Ferreiro



ANEXO I

Relación de códigos e áreas de coñecemento das 2 prazas correspondentes á reserva do 15% para persoal investigador contratado polo programa “Ramón y Cajal”, cuxo contrato finalice no ano 2023, teña a certificación I3 e dispoña da acreditación de profesorado Titular de Universidade, seleccionadas no Consello de Goberno de 21/12/22, para poder participar na convocatoria de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo (RR 03/01/23)

COD. PRAZA	CATEGORÍA	ÁREA	DPTO.	CENTRO	CAMPUS
TU2201-C02-420-TU-TC-01	PTU	EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA (A240)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	101	OURENSE
TU2201-C04-819-TU-TC-01	PTU	ZOOLOXÍA (A819)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	302	VIGO

